

Xesús Bermello García, Secretario Nacional da federación de Ensino da Confederación Intersindical Galega (CIG-Ensino), con enderezo para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 10, 1º; 15707 Santiago de Compostela, Luz Pérez López, Secretaria Xeral da Federación de Ensino do Sindicato Nacional Comisións Obreiras de Galicia (CCOO-Ensino), con enderezo para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 8, 1º; 15707 Santiago de Compostela, e Benjamín Rey Sanjurjo, Secretario do Sector de Universidades da Federación de Servizos Públicos da UGT de Galicia (FeSP-UGT), e con enderezo para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 10, 1º; 15707 Santiago de Compostela

DIN:

1. A medio do presente escrito, e de conformidade co establecido no artigo 9 do Convenio Colectivo do persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, publicado no DOG nº 74 do 14 de abril de 2011, somete a interpretación desa Comisión o artigo 4 en relación co 29 e 31 do citado Convenio.
2. O Convenio colectivo non establece a sede da Comisión Paritaria nin indicación das normas de procedemento de solución de conflitos.
3. No caso de que non se especifique en convenio colectivo a sede da Comisión Paritaria, o Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo, establece no seu art. 7: “A falta de normas de procedemento contidas no propio convenio ou pacto colectivo, a intervención da comisión será solicitada por calquera das partes asinantes do convenio ou pacto colectivo, ou polos lexitimados segundo o art. 12, mediante escrito dirixido á sede da comisión designada no convenio ou pacto ou, no seu defecto, ante o Servizo de Solución de Conflitos do Consello Galego de Relacións Laborais, que asumirá o deber de promover a convocatoria inmediata da comisión”
4. O conflito versa sobre o dereito que ampara ao persoal con vínculo temporal comprendido no ámbito de aplicación do Convenio con mais de tres anos de servizos prestados a percibir o complemento de antigüidade nas mesmas condicións que o persoal con vínculo fixo. En concreto, o persoal investigador cos seguintes vínculos:

- Predoutoral FPI
- Predoutoral FPU
- Predoutoral Xunta
- Postdoutoral Ramón y Cajal
- Postdoutoral Xunta
- Postdoutoral Marie Curie
- Postdoutoral Juan de la Cierva


5. Tal e como se regula no artigo 15.6 do Estatuto dos Traballadores, e a Directiva 1999/70/CE na cláusula 4, e veñen a sancionar tanto a xurisprudencia do TXUE como a dos Tribunais internos españois de forma indubitada, non se pode establecer condicións menos beneficiosas para o persoal con vínculo temporal fronte ao persoal con vínculo fixo.

Por todo o exposto, instase á citada Comisión Paritaria ao establecemento do criterio de interpretación de tales artigos que determine expresamente o dereito do persoal con prestación de servizos superior a tres anos a percibir o complemento da antigüidade nos termos fixados polos artigos 29 e 31 do Convenio Colectivo de aplicación, con efectivo abono do mesmo para tal colectivo.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2020.

Asdo. Xesús Bermello García

BERMELLO GARCIA
XESUS ANTON
32767003F
2020.11.22
'00'01+ 20:21:34




Secretario Nacional CIG-Ensino

Asdo. Luz Pérez López

Luz López Pérez
76708450T

Secretaria Xeral de CCOO-Ensino

Asdo. Benjamín Rey Sanjurjo



Secretario de Universidades FesP- UGT

SERVIZO DE SOLUCIÓN DE CONFLITOS.
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS. XUNTA DE GALICIA